



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 9 DE MARZO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.  
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de ampliación e mellora do trazados da estrada provincial 3503 Maniños a Ponte Rego por San Marcos, punto quilométrico 0,400 a punto quilométrico 1,200 (termo municipal de Fene).

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da obra de acondicionamento da estrada LU-651 Quiroga-Seoane do Courel. Treito: Quiroga-Folgozo do Courel. Clave LU/01/087.01.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Decreto de derogación do Decreto 148/2002, do 18 de abril, polo que se establece o Programa Labora: Xuventude con Experiencia.
- Decreto polo que se derrogan os decretos 344/1999, do 23 de decembro; 171/1999, do 27 de maio, e 134/2001, do 7 de xuño, polo que se establecen, respectivamente, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, os programas de escolas obradoiro e casas de oficios; de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza memorando de entendemento entre a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior da República Arxentina, en materia de



formación de profesionais e de protección civil e de emerxencias, e establecemento de programas de transferencia de coñecemento.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre o IGAPE e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para a posta en marcha de medidas de apoio a proxectos ambientais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza unha transferencia de crédito por importe dun millón de euros de dotacións non utilizadas correspondentes á "Seguridade Social. Autónomos" ao programa 531B "Imprevistos e funcións non clasificadas", para a súa posterior reasignación.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Sarria, co obxecto de executar a seguinte obra en materia de urbanismo: "Equipamento e mellora do cruzamento de Catro Camiños no núcleo de Sarria" (Lugo).
- Acordo polo que se outorgan as autorizacións previas ás licenzas municipais na disposición transitoria décimo segunda da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural ás seguintes explotacións mineiras C.E. Isabel nº 4754.1, en Carballeda de Valdeorras; A.E. "Pena das Vestas" en Lugo; C.E. Martín 4701.1, en Cartelle e C.E. Umia nº 2.723, situada nos termos municipais de Portas e Meis.
- Acordo polo que se declara a inadmisión a trámite da solicitude formulada por Telmo Martín González en representación da sociedade Nauta Sanxenxo, S. L. de revisión de oficio da sanción de multa de 141.608.813 pesetas (equivalente a 851.086 euros) imposta polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de outubro de 2000, a Construcciones Dávila Lago, S.A, como responsable de infracción tipificada no artigo 116.1 C) da Lei 27/1992 de Portos do Estado e da Mariña Mercante.

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) para a construción do edificio para a Escola Oficial de Idiomas.



## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual para levar a cabo a convocatoria de axudas para o ano 2006 da liña de Incorporación Estable do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora da Comunidade Autónoma de Galicia, con destino aos centros tecnolóxicos de I+D sen ánimo de lucro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e o Consello Superior de Investigacións Científicas dentro do Programa de Contratación de Doutores Isidro Parga Pondal.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial RED.ES e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade e o Sergas, para o desenvolvemento da Sanidade En Liña (e-Sanidad) no marco do Plan Avanza, por importe de 6.397.242 euros.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza o memorando de entendemento entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e o Ministerio de Saúde e Ambiente da República Arxentina, para a cooperación en materia de Medio Ambiente.

## **INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre o resumo das convocatorias 2006 de bolsas, axudas e premios destinados a alumnos e profesores do ensino universitario.



## **A XUNTA COLABORARÁ EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL, EMERXENCIAS E BOMBEIROS CON ARXENTINA**

O Consello da Xunta acordou hoxe a sinatura dun memorando de entendemento de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Interior da República Arxentina en materia de formación de profesionais de protección civil e de emerxencias. Neste acordo establécense programas de transferencia de coñecemento que se van concretar na cooperación técnica, de docencia, de estudos da economía e xestión dos riscos das emerxencias, así como, de información nestas areas.

A sinatura deste memorando de entendemento de colaboración supón a vontade de ambas partes de actuar de maneira coordinada para o desenvolvemento de pautas de cooperación en materia de formación dos profesionais de protección civil, emerxencias e bombeiros, que no Goberno autonómico dependen da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Deste xeito, Galicia acollerá a profesionais arxentinos para realizar tarefas de reciclaxe ou especialización en prevención de riscos, planificación e intervención. Así mesmo, profesionais do sistema galego de protección civil e dos servizos contra incendios e salvamento desprazaranse a Arxentina para traballar en aspectos formativos no seu ámbito de actuación.

Para alcanzar estes obxectivos, as dúas partes establecerán actuacións e compromisos en materia de protección civil con programas de prevención de riscos naturais e tecnolóxicos, autoprotección corporativa, planificación, desenvolvemento normativo, metodoloxías de traballo e de medicións da eficacia dos modelos de protección civil en ambos territorios. Tamén en materia de xestión de emerxencias, con actividades de asesoramento técnico, intercambio de experiencias en centros de atención de emerxencias e estudos dos custos dos desastres naturais e provocados. E, por último, en materia de bombeiros, con programas de formación específicos; comparación dos equipos e sistemas de prevención, detección e intervención en incendios e dos sistemas de salvamento; e seminarios de formación para responsables e mandos.

O financiamento dos programas a desenvolver será a cargo das dúas partes, cada unha asumirá o custo dos servizos que sexan da súa respectiva competencia e dos recursos necesarios para a súa aplicación. Este memorando, que se desenvolverá grazas á formalización de distintos convenios, establece tamén a constitución dunha Comisión Mixta de Seguimento para velar pola coordinación e cumprimento do mesmo, que estará integrada por un representante de cada un dos asinantes. Este organismo resolverá as dúbidas ou problemas que poidan xurdir na súa aplicación e aprobará as accións que se desprendan do mesmo.



## **O IGAPE DISPORÁ DE 18,8 MILLÓNS DE EUROS PARA SUBVENCIONAR EN 2006 INVESTIMENTOS DE CARÁCTER AMBIENTAL**

O Igape disporá de 18,8 millóns de euros para apoiar en 2006 investimentos de carácter ambiental, co obxectivo fundamental de promover novos proxectos que contribúan ao desenvolvemento sustentable. O Consello da Xunta autorizou hoxe ao Igape para proceder a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración suscrito polo Instituto adscrito á Consellería de Economía e Facenda e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a posta en marcha de medidas de apoio para facilitar investimentos de carácter ambiental.

Poden recibir apoio ao abeiro do acordo investimentos orientados á implantación de proxectos de tratamento de residuos; fabricación de equipamento para instalacións de xestión e tratamento de residuos, redución ou eliminación da contaminación; ou fabricación de produtos rematados considerados de interese ecolóxico.

Os investimentos, de iniciativa privada, serán de polo menos 600.000 euros e, cando superen os 3 millóns de euros, as solicitudes de apoio deben presentarse enmarcadas dentro dun plano estratéxico que defina as perspectivas de futuro da empresa. A subvención mínima ao abeiro do convenio será do 15% do investimento subvencionable.

Estas axudas a proxectos de carácter ambiental serán compatibles con calquera outra das establecidas polas administracións públicas, sempre e cando as subvencións conxuntas non excedan dos máximos permitidos legalmente: 40% do investimento subvencionable, salvo no caso das Pemes, en que se poderá acadar ata o 55%.

Para seren subvencionados, os proxectos deberán ser considerados viables tanto técnica como económica e financeiramente pola comisión técnica de avaliación, composta por membros do Igape e da Consellería de Medio Ambiente. Decidirán a concesión e a intensidade da axuda prevista neste convenio os criterios preferentes seguintes: interese ambiental do proxecto, a creación de emprego, o carácter dinamizador do investimento para a economía da zona onde se implante, o carácter innovador do proxecto, o valor engadido que xere, a incorporación de tecnoloxía avanzada e as necesidades de axuda con base na rendibilidade esperada do proxecto.

A presentación e xestión destas axudas realizase ao abeiro da base reguladora dos apoios a proxectos empresariais de investimento, reformulada por resolución publicada recentemente; a adaptación á nova norma realízase tamén mediante a addenda ao convenio Igape-Medio Ambiente autorizada hoxe polo Consello.



## **POLÍTICA TERRITORIAL E O CONCELLO DE SARRIA COLABORAN NA MELLORA DO CRUCE DE CATRO CAMIÑOS**

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e mailo Concello de Sarria para o equipamento e mellora do cruzamento de Catro Camiños, no núcleo urbano deste municipio lugués.

A CPTOPT destinará este ano un total de 261.534 euros a financiar a execución das obras.

Durante o pasado exercicio, a consellería finalizou a redacción do proxecto e sacou a concurso as obras, quedando pendente a adxudicación do contrato de obra porque o convenio asinado para tal fin en 2005 expirou, polo que agora hai que asinar un novo convenio, para darlle continuidade ao anterior.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA CATRO EXPLOTACIÓNS MINEIRAS NOS CONCELLOS LUGO, CARBALLEDA DE VALDEORRAS, CARTELLE, PORTAS E MEIS

### ▪ *Trátase de autorizacións previas á licenza municipal*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, outorgou autorización previa á licenza municipal a catro explotacións mineiras situadas nos concellos de Lugo, Carballeda de Valdeorras, Cartelle, Portas e Meis.

Este é un dos requisitos da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que establece que as explotacións mineiras e as actividades extractivas de recursos minerais en activo no momento da entrada en vigor da dita lei, localizadas en solo rústico especialmente protexido, poderán continuar a súa actividade nos ámbitos para os que dispoñen de licenza urbanística municipal. Non obstante, cando non contén coa preceptiva licenza municipal, para continuar a súa actividade ou ampliar a explotación deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Será o Consello da Xunta quen valore a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes.

Neste senso, o Consello da Xunta outorgou á entidade mercantil *Áridos Hermanos Carballido S.L.*, titular da explotación mineira "A.E. Pena das Vestas", localizada no termo municipal de Lugo, a autorización previa á licenza municipal para as actividades extractivas existentes no seu ámbito. Ademais, a esta mesma empresa foille denegada a autorización previa á licenza municipal no que se refire á zona da explotación identificada como "Ampliación a Pena das Vestas".

Así mesmo, o Consello outorgou autorización previa á licenza municipal á entidade mercantil *Canteras Villamartín S.L.*, titular da explotación mineira "C.E. Isabel 4754.1", situada no lugar de Domiz, no concello de Carballeda de Valdeorras.

A terceira das autorizacións outorgada hoxe foi para a explotación "C.E. Martín 4701.1", pertencente a *Canteras Prebetong S.L.*, e situada no concello ourensán de Cartelle.

Por último, foille outorgada á empresa *Áridos de Umia S.A.* a autorización previa á licenza municipal para a explotación mineira "Umia nº 2723", localizada nos termos municipais de Portas e Meis.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 15 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA ESTRADA ENTRE QUIROGA E FOLGOSO DO COUREL**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 15.083.611 euros no acondicionamento e mellora do trazado da estrada LU-651 Quiroga-Seoane do Courel, no treito que vai de Quiroga a Folgoso do Courel, de 21,6 quilómetros de lonxitude.

O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo trazado (un total de 436 fincas) e estudo de impacto ambiental de dita estrada que da servizo a preto de 5.500 habitantes dos concellos lugueses de Quiroga e Folgoso do Courel.

O acondicionamento da dita estrada mellorará considerablemente a seguridade viaria e terá unha especial repercusión no desenvolvemento económico da zona, xa que facilitará a circulación dos camións dedicados ao transporte da lousa, principal actividade industrial, que actualmente transitan por unha estrada moi estreita e sinuosa.

Prevese que as obras dean comezo no segundo semestre deste ano, estando previsto que conclúan no segundo semestre de 2008.





## **A XUNTA REXEITA A SOLICITUDE DA SOCIEDADE *NAUTA SANXENXO S.L.* DE REVISAR DE OFICIO UNHA MULTA POR INFRACCIÓN EN MATERIA PORTUARIA**

O Consello da Xunta acordou hoxe non admitir a trámite a solicitude formulada polo alcalde de Sanxenxo, Telmo Martín, en representación da Sociedade *Nauta Sanxenxo S.L.* (de capital integramente municipal) de revisión de oficio dunha sanción de 851.000 euros imposta a *Construcciones Davila Lago S.A.* como responsable dunha infracción tipificada como moi grave na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

En outubro de 2000, o Consello da Xunta acordou sancionar á empresa *Construcciones Dávila Lago S.A.*, titular dunha concesión para a construción e explotación dun porto náutico-deportivo no dominio público portuario adscrito ao Porto de Sanxenxo, por cometer unha infracción moi grave ao non ter atendido á orde de paralización das obras non autorizadas na citada concesión e consistentes na prolongación e modificación do dique de abrigo previsto no proxecto construtivo da concesión.

Ademais da sanción imposta, no seu momento a Xunta de Galicia ordenou o precinto das obras e a retirada dos materiais e maquinaria alí empregada. Contra este acordo, a empresa interpuxo un recurso de reposición, que foi desestimado polo Consello da Xunta en xaneiro de 2001. Posteriormente, *Construcciones Dávila Lago S.A.* interpuxo un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que finalmente foi desistido pola propia empresa.

Simultaneamente á tramitación do procedemento contencioso, a empresa solicitou un cambio de titularidade da concesión portuaria a favor da entidade *Nauta Sanxenxo S.L.*, que se formaliza en decembro de 2002, e na que se facía expresa mención á citada sanción.

Polo tanto, *Nauta Sanxenxo S.L.*, ao adquirir a concesión portuaria da que era titular a empresa sancionada, subrógase nos dereitos e obrigas que derivan da relación concesional, o que, segundo a Xunta de Galicia, implica facer fronte á sanción imposta. A empresa dispón de dous meses de prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra o acordo do Consello da Xunta.



## **EDUCACIÓN INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO PARA A ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS EN VILAGARCÍA DE AROUSA**

- *O Goberno galego autorizou a sinatura dunha addenda ao acordo ratificado entre o Concello e Educación en 2005*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) para a construción dun edificio destinado a acoller as ensinanzas da Escola Oficial de Idiomas (EOI) nesta localidade.

A Administración educativa galega e o Concello de Vilagarcía de Arousa asinaron o 29 de decembro de 2005 un convenio de colaboración co fin de construír o edificio para a EOI dese concello. O Concello de Vilagarcía solicitou unha minoración da súa achega, polo que o departamento educativo da Comunidade, unha vez valoradas as súas dispoñibilidades orzamentarias aceptou a dita proposta modificándose as achegas parciais das distintas institucións e ampliándose a vixencia do convenio.

O custo previsto das actuacións establecidas no presente acordo valórase en 1.800.000 euros. En virtude desta addenda, a Administración educativa achegará un total de 1.150.000 euros, e o Concello de Vilagarcía a cantidade restante (650.000 euros). A Administración educativa realizará a súa achega nas seguintes anualidades: 700.000 euros en 2006 e 450.000 en 2007; mentres que o Concello investirá 450.000 euros en 2006 e 200.000 en 2007.

A achega inicial do Concello era de 900.000 euros (450.000 euros para o exercicio de 2005 e os 450.000 restantes para o ano 2006). Coa presenta addenda, redúcese en 250.000 euros o investimento do Concello de Vilagarcía, e este custo será asumido pola Consellería de Educación, así como o posible incremento dos custos contemplados para realizar esta actuación durante a elaboración do proxecto ou en fase de execución da obra.



## **O GOBERNO GALEGO DESTINA ESTE ANO 3,5 MILLÓNS DE EUROS A BOLSAS E AXUDAS UNIVERSITARIAS, INCREMENTANDO UN 50% CON RESPECTO A 2005**

- *A Administración educativa convocará 16 liñas de axudas, das cales 5 son novidosas*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou esta mañá ao Goberno galego das 16 liñas de axudas que o seu departamento convocará este ano destinadas a alumnos e a profesores do ensino universitario. En total, Educación destinará 3.519.549 euros a estas axudas, incrementando un 48% o investimento realizado en 2005, no que se achegaron 2.377.941 euros

Do total das axudas a alumnos e profesores universitarios, 5 son novidosas e pretenden mellorar a calidade na docencia; promover as estadias de profesores excelentes de fóra do Sistema Universitario de Galicia; fomentar a realización de prácticas en empresas europeas; favorecer a mobilidade en países extracomunitarios e recoñecer a excelencia académica.

Laura Sánchez Piñón sinalou que as restantes liñas de axudas foron revisadas e ampliadas. Concretamente, as axudas para participar nos programas europeos Sócrates, Erasmus e Suíza incrementaron o seu orzamento case un 40% e beneficiarán a 1.000 alumnos, 158 máis que no curso pasado. Ademais, reforzáronse, entre outras as bolsas de terceiro ciclo e os programas de posgrao oficiais.



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA PRORROGA O PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL E MELLORA AS CONDICIÓNS SALARIAIS DOS INVESTIGADORES CONTRATADOS**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a siantura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, as tres Universidades galegas e o CSIC –Consejo Superior de Investigaciones Científicas- para proceder á prórroga dos contratos do Programa Isidro Parga Pondal, concedidos en 2004, e a mellorar a retribución das axudas para os anos 2006 e 2007. Esta medida é un primeiro paso encamiñado á desprecarización das condicións laborais do personal investigador en Galicia.

O importe do convenio supera os tres millóns e medio de euros –3.590.630,50 euros-, unha cantidade que se destinará á prórroga dos 45 contratos Parga Pondal adxudicados por Resolución do 6 de xullo de 2004 (DOG do 13 de xullo) durante dous anos máis (até o 30 de setembro de 2008) e a actualizar, para os anos 2006 e 2007, o importe das axudas das convocatorias do Programa Parga Pondal dos tres últimos anos, co fin de compensar o incremento dos custos sociais e o aumento do IPC.

En canto á prórroga das axudas correspondentes ao Parga Pondal, Innovación e Industria vai financiar 45 prórrogas, das que 44 corresponden ás universidades do Sistema Universitario de Galicia e unha ao CSIC, por un período de dous anos (dende o 1 de outubro de 2006 até o 30 de setembro de 2008). O importe máximo individual por ano destas axudas será de 31.000 euros. Estas 45 prórrogas corresponden á totalidade das axudas vixentes na actualidade, que están distribuídas do seguinte modo: 14 na Universidade de Vigo, 17 na Universidade de Santiago de Compostela, 13 na Universidade da Coruña e 1 no CSIC.

Polo que respecta á actualización e equiparación de todos os investigadores contratados ao abeiro do Programa Parga Pondal dos anos 2003, 2004 e 2005, a Consellería de Innovación e Industria financiará esta actualización incrementando as axudas concedidas até a contía de 31.000 euros, fronte aos 26.856 euros de máximo concedidos na prórroga das axudas concedidas no ano 2003.

Pola súa banda e en virtude deste convenio, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o CSIC adquiren o compromiso de realizar as xestións necesarias para a prórroga dos contratos dos investigadores adscritos aos devanditos organismos asinados ao abeiro do Programa Parga Pondal e actualizar e equiparar os importes dos contratos asinados nos tres últimos anos durante os anos 2006 e 2007.



O Programa Isidro Parga Pondal é unha convocatoria de axudas destinada a fomentar a realización de proxectos de investigación nas universidades do sistema universitario de Galicia e en centros de investigación da Comunidade Autónoma por parte de novos doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais ou extranxeiros. Esta convocatoria forma parte do programa horizontal de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005), xestionado pola Dirección Xeral de I + D + I.



## **INNOVACIÓN DESTINA PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS Á INCORPORACIÓN ESTABLE DE 11 INVESTIGADORES A CENTROS DE I+D DE GALICIA**

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual para levar a cabo a convocatoria de axudas para o ano 2006 da liña de Incorporación Estable do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da actividade investigadora (Programa I3). O importe total desta convocatoria ascende a preto dun millón e medio de euros –1.430.000 euros-. A través desta convocatoria crearánse 11 postos de traballo de primeiro nivel, en réxime de publicidade e concorrencia competitivas, en centros de I+D sen ánimo de lucro con sé en Galicia. O obxectivo desta convocatoria, que forma parte do Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, é fomentar a incorporación estábel de investigadores cunha traxectoria destacada a centros públicos de I+D. A duración das axudas será de tres anos e o seu importe equivale á retribución dun profesor titular de universidade, sendo a dotación anual para cada posto de traballo de 43.333 euros.

Os destinatarios destas axudas son aqueles centros que oferten postos de traballo de carácter permanente, que se cubrirán mediante contrato ou nomeamento por investigadores que reúnan unha serie de requisitos: estar en posesión do grao de doutor cunha antigüidade mínima de seis anos, ter unha experiencia posdoutoral non inferior a 24 meses nas Universidades ou centros de I+D españois ou extranxeiros e requisitos de calidade da produción e actividade científica tecnolóxica que impliquen unha traxectoria investigadora destacada, que serán avaliados pola Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva (ANEP).

Esta convocatoria forma parte do Programa I3, de Incentivación da Incorporación e Intensificación da actividade investigadora do Ministerio de Educación y Ciencia, unha iniciativa implantada en Galicia a través dun protocolo de colaboración coa Xunta. A finalidade deste Programa é fomentar a incorporación estábel dos investigadores cunha traxectoria investigadora destacada, nas universidades, Consello Superior de Investigacións Científicas e outros organismos públicos de investigación e demais centros de I+D, e favorecer a captación ou recuperación de investigadores españois ou estranxeiros de recoñecida experiencia para a súa incorporación ao Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía e incentivar a incorporación ao Sistema Nacional de I+D de xoves investigadores con alto potencial investigador en grupos emerxentes e consolidados.



## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERGAS ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE PÚBLICA RED.ES PARA O DESENVOLVEMENTO DA SANIDADE EN LIÑA**

- *O investimento total que realizará a Comunidade Autónoma de Galicia nas actuacións obxecto deste convenio bilateral é de 15.993.104 euros.*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a entidade pública empresarial Red.es. O seu obxecto é a execución en Galicia das actuacións do "Plan Avanza" no Sistema Nacional de Saúde, de acordo co convenio marco de colaboración suscrito no pasado mes de outubro entre o Ministerio de Sanidade e Consumo, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Entidade Pública Empresarial Red.es.

En particular, este convenio servirá para instrumentalizar a execución pola Xunta de Galicia das actuacións dirixidas ao desenvolvemento da sanidade en liña (e-Sanidade). O investimento total que se vai realizar na Comunidade Autónoma de Galicia nas actuacións obxecto deste acordo bilateral é de 15.993.104 euros, dos que Red.es achegará 9.595.862 e o Goberno que preside Emilio Pérez Touriño 6.397.242.

### **Mellora do proceso asistencial e actuacións que se van realizar**

O convenio aprobado prevé o desenvolvemento e execución de actuacións encamiñadas a mellorar o proceso asistencial e a prestación de servizos de saúde, mediante a informatización gradual de novos centros sanitarios e oficinas de farmacia, o despliegue da prescrición e dispensación electrónica da receita, a implantación de novos servizos de cita médica, a informatización gradual da historia clínica e a posta en marcha de proxectos de telemedicina.

Todo o dito anteriormente farase sobre a base dun sistema inter-operable de tarxeta sanitaria como sistema de identificación individual do paciente, para, deste xeito, facer posible a accesibilidade dos cidadáns ás prestacións sanitarias nos servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde dende calquera punto do territorio nacional.

As actuacións que vai realizar a Comunidade Autónoma de Galicia e Red.es para impulsar a sanidade en liña son a receita electrónica, que liberará o médico de realizar actos administrativos e fomentará o uso racional dos medicamentos; a extensión da cita médica pola Internet e entre centros sanitarios, achegando á práctica totalidade da poboación a posibilidade de concertar citas médicas pola Internet cos médicos de familia e pediatras, xunto coa posibilidade de concertar dende os seus centros de saúde as primeiras citas hospitalarias.

Outras actuacións no marco deste convenio son o traballar para que todas as tarxetas sanitarias das Comunidades Autónomas sexan compatibles entre si; un forte impulso



á implantación da historia clínica electrónica; ou a extensión dos proxectos de telemedicina, entre outras.





## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE COLABORARÁ COA REPÚBLICA ARXENTINA NO FOMENTO DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- *O apoio á instalación e ao emprego de enerxías renovables, así como a adopción de boas prácticas ambientais mediante o uso racional dos recursos naturais, son dous dos obxectivos recollidos no acordo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun memorado de entendemento entre a Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Salud y Medio Ambiente de Arxentina para realizar actuacións comúns destinadas a fomentar a sustentabilidade, a protección e o uso racional dos recursos naturais.

Mediante este acordo, ambos os departamentos manifestan a súa vontade de actuar coordinadamente e recoñecen a necesidade de mellorar as políticas e os mecanismos bilaterais de coordinación para desenvolver a súas respectivas actuacións e sumar esforzos a prol da protección do medio e o desenvolvemento sustentable. Neste senso, apoiarase a instalación e emprego das enerxías renovables e o intercambio de experiencias e informacións relativas a tecnoloxías limpas e menos contaminantes co obxecto de minimizar o seu impacto.

Outra das medidas recollidas no memorado é a necesidade de establecer relacións fluídas entre ambas as administracións para acadar un maior control sobre a xestión e tratamento dos residuos e das tecnoloxías aplicadas aos mesmos.

O acordo de colaboración entre a consellería e o ministerio arxentino permitirá tamén o intercambio de información sobre programas ambientais de ambos os países, a creación de novos foros ou a posta en marcha de plans de formación conxunta. Así mesmo, o documento aprobado hoxe polo Consello da Xunta prevé a adopción de boas prácticas ambientais mediante o uso racional dos recursos naturais e o desenvolvemento sustentable das poboacións locais.



## **TRABALLO DERROGA O *PLAN LABORA: XUVENTUDE CON EXPERIENCIA* POLA SÚA INEFICACIA PARA ATALLAR O PROBLEMA DO DESEMPREGO XUVENIL**

- *Segundo a Enquisa de Poboación Activa, entre 2000 e 2004, en plena vixencia do Plan Labora, o paro da mocidade incrementouse en Galicia nun 10,8% mentres que no Estado, no mesmo período e sen Programa Labora, descendeu nun 2,4%*
- *Este plan será substituído por novas medidas e programas que se incorporarán ás liñas de axudas que anualmente convoca a Consellería de Traballo co fin de dar resposta aos actuais retos do mercado laboral aos que se enfronta a mocidade galega*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto polo que se derrogan o Plan Labora: Xuventude con Experiencia e todas as disposicións normativas de igual ou inferior rango que se ditaron ao seu abeiro.

Este plan será substituído por novas medidas e programas, que se incorporarán ás liñas de axudas que anualmente convoca a Consellería de Traballo, froito da negociación cos axentes sociais e da modificación da normativa estatal básica, abarcando o conxunto dos ámbitos nos que é necesaria unha intervención para favorecer e apoiar o emprego xuvenil.

O *Plan Labora: Xuventude con Experiencia*, aprobado polo Decreto 148/2002 do 18 de abril, estableceuse como unha iniciativa que tiña por finalidade facilitar a adquisición de experiencia profesional a través dun contrato de traballo cunha duración mínima de 12 meses aos mozos desempregados que careceran dela.

Porén, a realidade demostra a ineficacia do Plan Labora para atallar o problema do desemprego xuvenil. Os resultados confirman aspectos xa coñecidos como as elevadas taxas de paro, a temporalidade e a precariedade laboral que afectan ao segmento de poboación moza con graves consecuencias para o desenvolvemento persoal e a súa plena integración social. Así, entre 2000 e 2004, en plena vixencia do Plan Labora, e segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), o paro da mocidade incrementouse en Galicia nun 10,8% mentres que no Estado, no mesmo período e sen Programa Labora, descendeu nun 2,4% co que se pode afirmar que non só non foi quen de atallar o problema do desemprego das mozas e mozos galegos senón que nin tan sequera foi capaz de manter o ritmo do Estado na súa solución.

Os programas e medidas de políticas activas vixentes ata a data foron aprobadas nun contexto socioeconómico determinado que experimentou nos últimos un acelerado e profundo proceso de transformación que aconsellan a elaboración dunha nova



estratexia que dea resposta aos actuais retos do mercado laboral aos que se enfrenta a mocidade galega.

Neste contexto, en Galicia estase levando a cabo unha profunda revisión dos programas actuais de emprego no marco da Mesa do Diálogo Social actualmente en marcha, co obxecto de elaborar unha proposta aberta, que necesariamente será sometida a unha valoración e redefinición continúa, eliminando ou incorporando novos programas de acordo coa realidade cambiante o mercado laboral cara o obxectivo final de mellora da empregabilidade da xuventude galega.

Tamén no ámbito estatal, no marco do establecido na Estratexia Europea de Emprego e na Declaración para o Diálogo Social do Goberno do Estado, estase a levar a cabo unha revisión e actualización da normativa existente en materia de programas de políticas de emprego regulando os aspectos definitorios e esenciais de cada programa adecuándoos ás necesidades de xestión detectadas tanto polas Comunidades Autónomas como polo Servizo Público de Emprego Estatal, que serán de obrigada aplicación en todo o territorio nacional, consonte á competencia do estado en materia de lexislación laboral.



## **A CONSELLERÍA DE TRABALLO REGULARÁ OS PROGRAMAS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA A TRAVÉS DE ORDES ANUAIS DE CONVOCATORIA**

- *Ata o de agora a regulación destes programas estaba constituída por tres normas con rango de decreto así como polas respectivas ordes anuais, o que a convertían nunha regulación ríxida e con falta de flexibilidade*
- *Traballo derrogará os tres decretos, coa finalidade de acometer unha nova regulación que permita unha máis áxil acomodación ao devir dos acontecementos e ás exixencias e mutacións da evolución do mercado de traballo*
- *Estes programas, é dicir, escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento permiten a profesionalización dos alumnos mediante a conxugación da formación e a práctica profesional*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, deu o visto e praxe ao decreto presentado pola Consellería de Traballo, polo que se modifica a regulación dos programas de formación en alternancia, ao derrogar os decretos que regulaban estes programas de escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento.

Os motivos que explican esta derogación débense á rixidez e falta de flexibilidade que caracteriza a normativa vixente ata agora, xa que, a regulación destes programas estaba constituída por tres normas con rango de decreto que, respectivamente, establecen as liñas básicas de cada programa, así como polas respectivas ordes anuais de convocatoria que os desenvolven e que establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para cada exercizo.

Co fin de acometer unha nova regulación cun rango normativo máis flexible que permita unha máis áxil acomodación ao devir dos acontecementos e ás exixencias e mutacións da evolución do mercado de traballo resulta máis oportuna a súa regulación a través de ordes anuais de convocatoria, é dicir, incorporando dentro das distintas liñas de axudas que anualmente convoca a Consellería de Traballo, as novas medidas e emprego que froito da negociación cos axentes sociais e da modificación a normativa estatal básica se adopten, abarcando o conxunto das accións dirixidas a mellorar a capacidade de inserción profesional dos desempregados.

Este tipo de programas naceron para dar respostas a unhas altas taxas de desemprego con baixos niveis formativos e graves problemas non só de inserción laboral senón tamén de integración social, sendo unha eficaz medida de política activa de emprego para fomentar a empregabilidade dos desempregados a través da cualificación e profesionalización dos alumnos mediante a formación en alternancia co



traballo e a práctica profesional en ocupacións ou actividades de utilidade pública ou interese social.